



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

## **REGULAMENTO DE FUNCIONAMIENTO DO SERVIZO DE PUNTO LIMPO DO CONCELLO DA GUARDA**

### **TITULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS**

#### **Artigo 1.- OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN**

- 1.- O presente regulamento ten por obxecto regular as características e o funcionamento da instalación denominada Punto Limpo do Concello da Guarda, de modo que se efectúe unha correcta xestión dos residuos sólidos urbanos reciclables.
- 2.- O Punto Limpo da Guarda sitúase no lugar da Sangrita. O acceso ao mesmo realízase pola estrada PO-355.
- 3.- Os preceptos do presente regulamento son de aplicación ao Punto Limpo, ás súas instalacións, elementos e mobiliario.
- 4.- A titularidade e competencia do Punto Limpo é municipal e estará regulado de acordo ás disposicións legais e regulamentarias que existen sobre a materia.

Para a explotación do mesmo. O Concello poderá acudir a calquera das formas de xestión directa ou indirecta establecidas na legislación vixente.

#### **Artigo 2.- DEFINICIÓNS.**

Os efectos da presente regulamentación enténdese por:

- 1.- Punto limpo: Son instalacións onde se efectúa a recepción transitoria, clasificación e acumulación de certos residuos sólidos urbanos que pola súa natureza non son obxecto habitual do servizo ordinario de recollida de residuos urbanos. Os Puntos Limpas constitúen, polo tanto, un sistema de recollida selectiva.

Quedan excluídos os residuos de orixe industrial que teñan a consideración de perigosos ou industriais, de conformidade coa planificación vixente en materia de residuos.

Nesta instalación recíbense os residuos relacionados no listado de residuos admisibles vixente previamente seleccionados e entregados de forma voluntaria polos cidadáns, os cales os depositan nos contenedores correspondentes para o seu posterior reciclado, reutilización ou valorización. Non se trata dun vertedoiro, senón dun lugar onde se almacenan temporalmente os residuos, para ser posteriormente trasladados a lugares axeitados para o seu tratamento a través de transportistas e xestores autorizados.

- 2.- Residuos reciclables: Aqueles materiais que poden ser reutilizados como materia prima, para que mediante un proceso, se obtenía un produto distinto ou igual ó orixinal.
- 3.- Proveedor: Persoa natural ou xurídica que fai entrega dos residuos reciclables no Punto Limpo.
- 4.- Xestor autorizado: persoa ou entidade, pública ou privada, que realice calquera das operacións que compoñen a xestión dos residuos. Deberán solicitar a correspondente autorización como xestores de residuos, na consellería de Medio Ambiente, para a realización de ditas actividades.



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

## **Artigo 3.- OBXECTIVOS DO PUNTO LIMPO**

Os obxectivos principais do Punto Limpo son os seguintes:

- 1.- Aproveitar os materiais contidos nos residuos que son susceptibles dunha reciclaxe directa, conseguindo con elo, un aforro energético e de materias primas e reducindo o volume de residuos a eliminar.
- 2.- Servir ós cidadáns como centro de depósito voluntario para a recollida selectiva dos residuos producidos no ámbito domiciliario, evitando o vertido incontrolado de volulminosos que non poden seren eliminados polos servizos de recollida de lixo.
- 3.- ofrecer unha forma sinxela de deshacerse de residuos que polas súas características non poden ou non deben ser xestionados a través dos sistemas de recollida, separando os residuos perigosos xerados no fogar dos que a eliminación conxunta con restos dos lixos urbanos ou o seu vertido á rede de saneamento representaría un risco para o medio ambiente e a saúde pública.
- 4.- Buscar unha mellor solución para cada tipo de residuos co fin de conseguir a máxima valoración dos materiais e o custe mínimo da xestión global.

## **Artigo 4.- RESPONSABILIDADE.**

O Concello da Guarda adquire a titularidade dos residuos entregados polo proveedor, que destinará á súa eliminación, valoración e/ou reciclaxe.

O Concello xestionará con empresas debidamente acreditadas como xestores autorizadas os residuos admitidos no Punto Limpo. Nos supostos que o Concello o estime conveniente poderá establecer acordos ou convenios con empresas privadas que por razón da súa magnitude, capacidade técnica e económica resulten beneficiosos para a prestación e xestión do servizo.

## **Artigo 5.- PRESTACIÓN DO SERVIZO**

Para a utilización do Punto Limpo do Concello da Guarda terase en conta que:

- 1.- O Punto Limpo só poderá ser utilizado polos cidadáns particulares en relación cos residuos domésticos.

Tamén poderán acceder a estas instalacións outros usuarios que depositen residuos que polo seu volume e características estean incluídos no obxecto de aplicación do presente regulamento, sempre que contén coa correspondente e previa autorización do Concello da Guarda.

Para estes efectos, entre outros, poderán ter a consideración de usuarios aúqueas entidades coas que o Concello estableza convenios ou acordos específicos que regulasen as condicións do devandito uso.

- 2.- Prohíbese a entrafada de residuos de orixe industrial. As actividades industriais deberán xestionar os seus propios residuos a través de xestores autorizados pola Xunta de Galicia.
- 3.- Os usuarios poderán acceder ao interior das instalacións ben a pé, ben en vehículo propio, sendo en calquera caso responsables do uso do devandito vehículo e dos danos e prexuízos que a súa actuación poida causar.
- 4.- Cada usuario só poder facer unha entrega diaria de residuos



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

5.- Os servizos do Punto Limpo son os que a continuación se citan:

- a) Recepción de residuos previamente clasificados polo usuario, para o seu posterior transporte aos lugares axeitados para o seu tratamento.
- b) Información aos usuarios sobre a actividade do Punto Limpo: residuos aceptados, cantidades, horarios.
- c) Control dos residuos que se depositan.
- d) Elaboración de estadísticas sobre o uso das instalacións.
- e) Mantemento e xestión da instalación.
- f) Visitas guiadas pola instalación a escolares e grupos interesados.

## TITULO II. IDENTIFICACIÓN DE RESIDUOS E XESTIÓN.

### Artigo 6.- TIPOLOXÍA DE RESIDUOS

1.- Residuos comúns:

- a) Papel e cartón.
- b) Vidro: envases de vidro (botellas, frascos, tarros...)
- c) Envases de plástico (botellas de auga, bolsas...), metálicos (latas, botes de refrescos) e envases tipo brik (de zumos, leite..)
- d) Restos metálicos de fogares.
- e) Electrodomésticos sen CFC.
- f) Residuos voluminosos (mobles, colchóns, etc)
- g) Cascotes de pequenas obras domiciliarias.
- h) Ferralla.

2.- Residuos especiais:

- a) Disolventes, pinturas e vernices.
- b) Pilas.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- c) Fluorescentes.
- d) Frigoríficos e electrodomésticos con CFC.
- e) Productos fitosanitarios, radiografías.
- f) Residuos de madeira.
- g) Aceites domésticos.

O Concello da Guarda poderá ampliar o tipo admisibles no Punto Limpo cando así o considere necesario.

3.- Residuos non admisibles. No punto limpo non se admitirán, baixo ningunha circunstancia, os seguintes residuos:

- a) Lixos domésticos (materia orgánica).
- b) Uralita.
- c) Residuos infecciosos, clínicos, biosanitarios ou citolóxicos.
- d) Materiais explosivos, inflamables ou radioactivos.
- e) Residuos perigosos ou de orixe industrial.
- f) Plásticos agrícolas.
- g) Residuos sen identificar e calquera outro residuo que sexa incorporado á presente relación polo concello da Guarda.

4

### **Artigo 7.- XEITOS DE PRESENTACIÓN DOS RESIDUOS.**

Para a recollida dos residuos anteriormente mencionados, estes deberán entregarse de acordo a unhas normas de presentación, que son:

- 1.- Cartón e papel. As caixas de cartón deberanse abrir e comprimir para reducir o volume. O papel deberá entregarse de tal xeito que se evite o seu esparexemento.
- 2.- Vidro, fluorescentes e cristais. Os residuos de cristais deberán acondicionarse de tal xeito que se evite a rotura e poida ocasionar riscos de seguridade para as persoas encargadas da manipulación dos residuos.
- 3.- Pilas. Deberáanse separar os diferentes tipos de pilar, ben sexa de botón, salinas ou alcalinas.
- 4.- Terras e escombros. Debido a natureza destes residuos deberanse presentar en sacos de plásticos pechados de 25 quilos máximo.



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

5.- Aceites domésticos, pinturas ou vernices. Presentaranse en garrafas ou botellas de plásticos e tomaranse as medidas necesarias para evitar derrames, sobre todo cando se transvasen a outros recipientes. Estes residuos non se poderán mesturar con aceite de maquinaria, motores de vehículos ou de características diferentes.

6.- Plástico vexetal. Presentarase libre de restos orgánicos e debidamente para reducir o seu volume.

7.- Frigoríficos e electrodomésticos con CFC. Entregaranse sen que se produza a rotura do circuito de refrigeración.

## **Artigo 8.- CANTIDADES MÁXIMAS DE RESIDUOS.**

Se a capacidade do Punto Limpo se ve comprometida o Concello pode establecer, durante o período de tempo que se considere necesario, unha limitación das cantidades admisibles por cada tipo de residuos e por cada particular ó día, a determinar pola concellaría competente. As instrucións pertinentes serán colocadas nun punto visible no Punto Limpo.

## **Artigo 9.- DESCRICIÓNS DAS INSTALACIÓNS.**

As instalacións onde se atopa o Punto Limpo consisten nun recinto cerrado, valado e equipado con contenedores para os distintos tipos de residuos. O devandito recinto componse dunha zona de recepción e unha zona de acumulación dos residuos.

A zona de recepción encóntrase xunto á entrada da instalación e nela hai una pequena caseta para control e información ós usuarios. A través da zona de recepción accédese á zona de acumulación de residuos onde se atopan os diferentes contenedores específicos para cada tipo de residuo.

A zona de acumulación dispón de espazo suficiente para realizar as actividades de descarga dos residuos, podendo manobrar correctamente, tanto os vehículos particulare, como os vehículos recolletores dos residuos.

Os contenedores levan un letreiro visibles que indica o nome do material que se depositar no seu interior.

## **Artigo 10.- DOCUMENTACIÓN, REXISTRO E FUNCIONAMENTO DO PUNTO LIMPO**

1.- Na instalación do Punto Limpo estará disponible unha copia do presente regulamento, co obxecto de posibilitar a súa consulta a calquera usuario que o solicite.

2.- Para que o servizo que se presta no Punto Limpo sexa o correcto é necesario que os usuarios aporten os residuos previamente separados e os depositen nos contadores específicos para cada fracción, segundo as instrucións da persoa responsable do Punto Limpo.

3.- O Punto Limpo disporá dun Rexistro de incidencias e información interna recollida nos días nos que as instalación permaneceren abertas, permanecendo nas mesmas un mínimo dun (1) ano, quedando en todo momento a disposición da autoridade competente para a inspección dos residuos, a fin de realizar os exames, controles, investigacións, toma e recollida de mostras, facilitando, así mesmo, calquera información que se lle requira.

3.1.- O Rexistro de incidencias e información conterá os seguintes datos:



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- a) Identificación completa do usuario mediante a exhibición do seu DNI:
- b) Natureza dos residuos que deposita.
- c) Licenza de actividade cando os residuos proveñan de establecementos comerciais.
- d) Acreditación do pago dos impostor e taxas municipais, no caso que foran esixidas.

3.2.- Así mesmo o responsable anotará no Libro de Rexistro os seguintes datos:

- a) Natureza, destino e data de retirada dos produtos evacuados.
- b) Incidencias e reclamacións.

4.- Todos os datos quedan, en todo caso, sometidos ás normas xerais de protección de datos persoais, sen que os mesmos poidan ser utilizados para outros fines que non sexan os propios do servizo.

5.- O usuario accederá á zona de acumulación onde depositará os residuos no seu correspondente contador.

6.- Antes de proceder ó depósito dos residuos, cada usuario deberá declarar no posto de control o contido ou relación do que quere entregar, co fin de realizar un control de orientación de vertido e estadístico. O responsable do centro, tendo en conta a carga declarada e a lista de residuos admisibles, indicará a súa aceptación ou rexeitamento .os usuarios do Punto Limpo deberán seguir as indicación da operaria/o do centro.

7.- Os transportistas que realicen os portes dos residuos tamén deberán seguir as indicacións da operaria/o do centro, que supervisará os seus labores e recibirá un certificado de que realizaron a recollida dos diferentes residuos.

8.- No Punto Limpo só se poden depositar os residuos mencionados no artigo 6. no caso de seren outros, o seu depósito deberá ser solicitado no Concello.

9.- O encargado/a do Punto Limpo supervisará as operacións de depósito dos residuos para comprobar que se depositan de forma axeitada e non se encontran mesturados con residuos tóxicos e perigosos. Tamén se efectuarán unha inspección sistemática e visual en todos aqueles colectores de residuos líquidos.

10.- Os residuos depositados no Punto Limpo pasarán a ser propiedade do Concello da Guarda.

11.- Antes de que os contenedores se atopen cheos de residuos, os operarios do Punto Limpo darán aviso ós xestores ou transportistas designados para a retirada e traslado dos residuos ás diferentes instalación de reciclaxe ou centros de eliminación, en tanto non existan instalación para a súa reciclase.

12.- As instalación do Punto Limpo deben permanecer en boas condicións de higiene e salubridade pública. A tal fin os operarios deben controlar que o depósito de residuos se realice de xeito correcto, evitando a caída de residuos fóra dos contenedores e retirando calquera material que dificulte o tránsito dos vehículos e o depósito dos residuos.

13.- O Punto Limpo estará equipado de acordo ó risco intrínseco da actividade de almacenamento coas instalacións de protección de incendios que corresponda ó tamaño da instalación e segundo as características fixadas na normativa. Deberán adoptarse as medidas necesarias para evitar calquera tipo de accidente e os materiais e equipos deberán cumprir coas prescricións legais.



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

14.- O encargado do Punto Limpo poderá rexeitar aqueles residuos cando pola súa natureza ou volume non poidan ser admitidos de acordo coa presente ordenanza.

15.- Os usuarios responsabilizaranse dos danos a terceiros ocasionados nas instalacións.

## **Artigo 11.- HORARIO**

O Punto Limpo abrirá de luns a venres de 9:00 a 13:00 horas e o sábado de 10:00 a 13:00 horas. Calquera cambio nestes horarios será acordado polo Alcalde-Presidente e comunicado mediante bandos.

## **Artigo 12.- PROHIBICIÓNS.**

Probíbese expresamente:

- 1.- Depositar residuos non permitidos por esta norma.
- 2.- Depositar mesturados diferentes tipos de residuos.
- 3.- Depositar residuos fóra do contenedor específico.
- 4.- Depositar cantidades de residuos superior ás admisibles por esta norma.
- 5.- Ocultar residuos de carácter perigoso dentro de bolsas ou sacos.
- 6.- Abandonar residuos de calquera tipo na porta das instalacións, fora do horario de funcionamento do Punto Limpo.
- 7.- Calquera tipo de incineración de residuos dentro do Punto Limpo.
- 8.- Fumar dentro das instalacións.
- 9.- Prohibese a entrada de residuos de orixe industrial. As actividades industriais deberán xestionar os seus propios residuos a través de xestores autorizados pola Consellería de Medio Ambiente.

7

## **TITULO III. RÉXIME SANCIONADOR**

### **Artigo 13.- INFRACCIÓNS.**

Calquera incumprimento das normas da presente ordenanza considerarase unha infracción que se tipificarán de acordo coa natureza do acto en leves e graves.

1.- Considerarase infraccións leves:

- a) Entregar residuos non procedente de domicilios particulares, calvo o establecido no artigo 5.1 do presente regulamento.
- b) Depositar calquera outro tipo de residuo de orixe domicilio que non se encuentre establecido na presente ordenanza.
- c) Depositar mesturados os diferentes residuos.



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- d) Depositar residuos fóra do contenedor específico.
  - e) Depositar cantidades de residuos superiores ás admisibles por esta ordenanza.
- 2.- Considerarase infraccións graves.
- a) Ocultar e depositar residuos de carácter perigoso dentro de bolsas ou sacos.
  - b) Abandonar residuos de calquera tipo de entrada das instalacións, fóra do horario de funcionamento do Punto Limpo.

## **Artigo 14.- SANCIONES**

1.- Os usuarios que efectúen infraccións leves estarán na obriga de restituír o dano causado ou prohibiráselles a entrega de residuos, podendo impoñerse unha multa de ata 750 euros.

2.- Os usuarios que cometan infraccións graves estarán na obriga de restituír o dano causado ou prohibiráselles a entrega de residuos, podendo impoñerse unha multa de ata 1.500 euros.

3.- As sancións graduaranse atendendo a:

- a) Grao de intencionalidade.
- b) Gravidade do ano producido.
- c) Grao de malicia, participación e beneficio obtido.
- d) Irreversibilidade do dano producido.
- e) Categoría do recurso afectado.
- f) Natureza do residuo.
- g) Reincidencia.
- h) Perigo para a saúde e integridade das persoas, animais ou bens.

A competencia para a imposición de sancións corresponderalle ao Alcalde-Presidente do Concello da Guarda no marco da normativa sectorial que regula a materia.

## **DISPOSICIÓN FINAL.**

O Regulamento entrará en vigor cando o seu texto íntegro sexa publicado no Boletín Oficial da Provincia e haxan transcurrido 15 días hábiles dende a devandita publicación, todo isto ó abeiro do disposto no artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da LRBRL.